

■ A literatura galega protagoniza as xornadas de Zaragoza

Inaugurouse o 3 de Abril e se desenvolveu até o día 6 o I Encontro de Autores Galegos, que organizaba a Universidade de Zaragoza co título "A literatura galega ante o século XXI". Segundo informa Yolanda Campoy, a finalidade deste encontro, nacido co ánimo de manter unha periodicidade anual, é abordar o futuro da literatura en xeral, e sobre todo, da literatura que a crítica deu en chamar ex-céntrica. Para isto, nada mellor que a aportación dunha visión desde dentro do mundo literario, por autores que viven e sinten a situación coxuntural xerada ao redor dos aspectos editoriais, críticos, ou propriamente literarios.

A este encontro acudiron autores como Iolanda Castaño, Miguel Anxo Fermán Vello e Suso de Toro. Contouse coa colaboración da profesora da Universidade de Compostela, Dolores Vilavedra, que expuxo na sua



Dolores Vilavedra e Iolanda Castaño participaron nistas xornadas.

conferencia os problemas da literatura galega no seu entorno, deténdose no mundo editorial e na lingua propia como forma de expresión escollida polos autores para a publicación das obras. O mundo da poesía foi analizado por Iolanda Castaño e



Miguel Anxo Fermán Vello, cada un desde a súa perspectiva. Castaño, desde o punto de vista dunha poeta pertencente ás novas xeracións, e Fermán Vello facendo un repaso da historia da lírica galega, desde o século XII até a actualidade. ♦

■ Mella, presidente provisório da Asociación de Escritores

Da reunión que mantiveron os membros da Asociación de Escritores o 8 de Abril, saíu confirmado Carlos Mella como presidente da mesma mentres non se realice a renovación da directiva o vindeiro ano. A reestruturación ven dada tras a morte de Uxío Novoneira, presidente da asociación durante os últimos anos. Xosé María Álvarez Cáccamo continúa de vicepresidente e Miguel Anxo Fermán Vello, de secretario. Pilar Vázquez Cuesta, Luisa Villalta, Francisco Souto, Carlos Bernárdez, Iolanda Castaño e Marta Dacosta continúan de vocais. Nesta xuntanza tamén se perfilaron as actividades da asociación nos vindeiros meses: unhas xornadas sobre xornalismo e literatura. Unha homenaxe a María Mariño e a participación nas xornadas Galeuzka, que se celebran en Euskadi. ♦

■ Os músicos de Buena Vista Social Club, na Coruña

Alguns dos músicos que participaron no proxecto cinematográfico Buena Vista Social Club, de Win Wenders, visitarán A Coruña o vindeiro 27 de Abril. Ibrahim Ferrer, Rubén González, Cachaito López, Guajiro Mirabal e Jesus Aguaje subirán ao escenario do Coliseum para facer bailar ao público co son cubano. O concelleiro de Cultura, Xosé Luis Méndez Romeu apresentou o Luns 10 de Abril o concerto, cuxas entradas custan tres mil pesetas en butaca e dúas mil cincocentas, o resto. Os músicos do Buena Vista Social Club só tocarán no Estado en Madrid e na Coruña. ♦

■ Entregan a Rosa Brañas o premio Vicente Risco

O Xoves 6 de Abril foille entregado a Rosa Brañas Abad o premio "Vicente Risco" de antropoloxía e ciencias sociais polo seu traballo "Deuses, heroes e lugares sagrados na cultura castrexa. Ensaio de antropoloxía relixiosa da Galiza céltica". Valorou o xuri "certa combatividade e agresividade intelectual" á hora de enfrontarse a "verdades incontrovertibles" da Historia de Galiza. A autora abre a vella discusión sobre o celtismo, facendo unha análise etimolóxica tomando como base fontes toponímicas. O punto de partida

do estudio é o rexeitamento das teses anticelísticas que desbotan a hipótese dunha invasión ou dunha mudanza cultural. O premio, que convocan a Fundación Vicente Risco, o concello de Allariz e a Fundación Sotelo Blanco, está dotado con un millón de pesetas e coa publicación do traballo. ♦

■ O Día da Cultura en Catalunya homenaxe a Otero Pedrayo e Castelao

Celebrouse o Domingo 9 de Abril o primeiro Día da

Cultura Galega, no que se homenaxeou a Ramón Otero Pedrayo e a Castelao nas dúas prazas que en Barcelona levan o nome dos dous persoeiros. Os actos estaban organizados polo Foro Cívico Pro-Día da Cultura Galega en Catalunya, integrado por cidadáns galegos e cataláns e coa adhesión de varias entidades culturais galegas. Manter vivo o legado de Otero Pedrayo e sumarse aos actos do 50 cabodano de Castelao son os propósitos que motivaron a celebración, que contou non só con discursos, senón coa actuación de grupos folklóricos, Jei Nogueuel, Cesar del Caño, Manuel Muxico e Alfredo González. Participaron na homenaxe Carlos Casares, Basilio Losada, Olegario Sotelo Blanco e Camilo Fernandez Valdehorras, entre outros. ♦

■ Teatro, música clásica e Fabulosos Cadillac na semana de Compostela

Continua a programación de Compostela 2000 cun concerto a celebrar o Xoves 13 de Abril de Fabulosos Cadillac, o grupo arxentino que vai actuar no pavillón de Santa Isabel. A música será tamén protagonista o Venres 14 de Abril coa formación "The English concert" que vai interpretar no Auditorio de Galiza "A patxón

■ De cea co... Liceo en Ourense

Destá vez a festa anual que organiza o Clube Cultural Alexandre Bóveda baixo o título "De cea con" homenaxeará ao Liceo de Ourense. Esta é unha novidade tendo en conta que nos anos anteriores o "festexado" era un personaxe individual: Carlos Casares, Manuel de Dios, Manuel Bucifios, Anron Risco, Roberto Verino e os irmáns Quesada. Súmase o clube o vindeiro 10 de Maio, coa cea no restaurante Sammiquel, ao 150 aniversario do Liceo, "sinónimo de actividade e compromiso co cidade". As invitacións xa están dispoñibles ao prezo de catro mil pesetas. ♦

Méndez Ferrin e Álvarez Torneiro galardoados cos Premios da Crítica

Xosé Luis Méndez Ferrin pola novela *No ventre do silencio* e Manuel Álvarez Torneiro polo poemario *Luz de facer memoria* foron os gañadores dos Premios da Crítica nos apartados de narrativa e poesía en lingua galega. O xuri nomeado pola Asociación Española de Críticos Literarios, entre eles o galego Luciano Rodríguez, estimou que as dúas obras eran as mellores da literatura galega do último ano.

Méndez Ferrin xa obtivera co seu romance o premio Eixo Atlántico, concedido polos editores galegos e portugueses. O escritor retrata na súa última novela a Compostela dos anos cincuenta a meio dun friso de personaxes relacionados co mundo universitario daquel entón. O escritor ten dito que levaba dentro a historia durante moito tempo. "Unha novela de protagonista

colectivo, en certa maneira continuación de *Antón e os inocentes*; incluso se recollen os seus protagonistas que pasan a esta obra como personaxes. É máis,

Manuel Álvarez Torneiro e Xosé Luis Méndez Ferrin.



Otero Pedrayo nunha ocasión, moitos antes del morrer, dixérame que había que escribir unha novela coral desta época, a da miña xeración, na Universidade.



E engadiu que mesmo se ia poñer a escribela. Non o fixo pero aquilo quedoume sempre no interior e aquí está" afirmou Ferrin despois de ter sido galardoado co Eixo Atlántico, nun ano no que tamén foi proposto pola Asociación de Escritores en Língua Galega para o Nóbel e recibiu o doutorado *honoris causa* da Universidade de Vigo.

Tampouco é a primeira vez que se premia o poemario *Luz de facer memoria* de Manuel Álvarez Torneiro. En 1998 recibía o Premio de Poesía González Garcés da Deputación da Coruña. Xornalista e escritor, Torneiro fala da súa poesía como da recriación de "temas eternos, o amor, o paso do tempo, a perda de valores... unha poesía que ven da soidade, da reflexión e vai cara a comunicación". Defende o escritor que a poesía cumpre o papel "que ninguén asume, a

comunicación. O poeta di: vouche contar as miñas cousas e ti cóntame as tuas. Todo poeta intenta botarlle unha man ao semellante, quere levar confianza, esperanza, comunicarse con valores que perduren fronte aos pseudovalores que esta sociedade nos impón de maneira devoradora. Que haxa unha herencia que deixar e expresalo coa maior beleza que se poda", comentou ao recibir o González Garcés.

Xunto a Torneiro e Ferrin, os Premios da Crítica foron concedidos no apartado de narrativa a Luis Mateo Díez por *La ruina del cielo*, Valenti Puig por *Maniobras privadas* Lourdes Oñederra por *Eta emakumezti sugeak esanzion*. En poesía premiáronse as obras *Verano inglés* de Guillermo Carnero, *Cor meu, el món* de Jordi Sarsanedas e *Ibaia euri erasotan bezala* de José Luis Padrón. ♦